

GALICIA HISTÓRICA

Folla de historia e documentos composteláns

Año 11. Nº 106, Xaneiro, 2026

UNHA MALA DÉCADA EN GALICIA NO SÉCULO XVI

En Galicia sempre estamos a falar do tempo e en moitas ocasións con sentido negativo: chove moito, vai xear, estamos a ter unha seca prolongada... É algo intrínseco a nós, vai no noso ADN e por suposto os nosos devanceiros xa tiñan estas preocupacións: unha mala colleita podía provocar fames, así como un aumento das defuncións. Se a iso sumámoslle a peste, temos un cóctel explosivo con consecuencias nefastas a nivel demográfico, económico, social e cultural.

Da igual en que período viva un, sempre imos ter recordos e referencias claras para lembrarnos sobre que estábamos a facer no momento en que aconteceu un gran desastre. Por exemplo todas e todos recordamos que facíamos o día dos atentados do 11S ou do 11M, así como cando se anunciou o estado de alarma e confinamento do 15 de marzo do 2020 decretado pola pandemia de COVID-19.

A década comprendida entre o ano 1561 e o ano 1571 pódese considerar en Galicia como un decenio aciago tanto a nivel climatolóxico coma epidemiolóxico. Eses desastres quedaron rexistrados na documentación xerada polas institucións dese período, así como en diarios persoais e en ocasións en pequenas anotacións secundarias asociadas a un libro ou documento. E xusto isto último pasou cuns apuntes rexistrados no folio segundo do Tombo E¹.

A Real Academia Galega define un Tombo como un *libro de pergameo de gran tamaño que teñen as igrexas, conventos, mosteiros, municipios e outras comunidades, coas copias dos seus privilexios e das escrituras das súas propiedades*. O Tombo E recolle privilexios e escrituras en pergameo entre os anos 1391 e 1485, escritos todos eles con letra cortesá (era a letra empregada polas chancelarías e as administracións nos séculos XIV e XV) excepto o folio segundo realizado con escritura humanística do século XVI. Algún cóengo deixou constancia no ano 1571, ou nos anos posteriores, destes desastres medioambientais e pandémicos.

A relación de calamidades comeza no ano 1563, notificando a gran fame que houbo en Galicia nese ano debido as malas colleitas, provocando un encarecemento do trigo, do centeo e do millo:

Año de mill e quinientos y sesenta y tres ubo gran hambre en el Reino de Galizia murio mucha gente por falta de pan. Valio la carga de trigo a seis ducados y mas. La de centeno a quatro ducados. La del mijo a tres ducados.

Poucos anos despois, concretamente no ano 1567, a peste cebarase outra vez con Galicia, propagándose dende o porto de O Grove por unha gran parte das vilas e cidades galegas, incidindo notabelmente na caída demográfica das mesmas. O cronista anónimo comenta que en Santiago de Compostela morreron oito mil persoas *de toda suerte*, provocando a fuxida dunha gran parte do cabido así como doutras institucións asentadas na cidade. Enumera os cardeais e cóengos que se quedaron na cidade para proseguir coas misas na catedral. Os brotes desta cepa da peste continuaron ata febreiro do ano 1571 por outras zonas de Galicia, glosando o noso cronista a morte de moita xente en Coruña, Betanzos e Pontevedra. A situación foi tan mala que provocou a fuxida da Real Audiencia de Galicia, sita na cidade da Coruña, ata a capital das Burgas (Ourense).

Año de mill quinientos sesenta y siete por el mes de octubre empeco la pestilencia en el Reyno de Galicia en el puerto del grobe y duro mas de año y medio. Y de alli dio en Caldas de Reyes, en Codeseda, en Noya, en Rianjo y por mayo de sesenta y nueve enpeço en la villa de Vigo y en la ciudad de Santtiago y turo ella hasta el mes de henero de setenta. Murieron en Santiago ocho mil personas de toda suerte, fruyeron todos de la çiudad y los señores del cauildo. Quedaron en la santa yglesia del señor Santiago solos los señores cardenal mayor Bartolome Bonifacio, cardenal Joan Martinez Ternero, vicario del dean, cardenal Garcia Diaz de Missia que fallescio de tisico por octubre del dicho año, Lope Sanchez de Ulloa su lizenziado canonigo Pedro de Mondragon, Vasco Rebellon, Alonso de Nomparte, Joan Abraldez Feijoo, Alonso Fariña, canonigos y algunos clerigos y capellanes los quales todos quedaron de su voluntad y sirbieron muy bien la dicha santa yglesia que nunca falto missa de cardenal en el santo altar mayor ni en lo mas ubo falta notable, no murio ningun capitular de peste. En la coruña, betanços, pontebedra murio mucha gente. Y por todo el Reyno quedaron algunos logares que no hizo notable daño. La Audiencia Real se guardo en orense. Duro hasta hebrero de setenta y un años en el dicho Reyno. Vieronse visiones y oyeronse bozes de strañas cossas. Avia venido la enfermedad de Sevilla y Castilla y Burgos. Dios nos dexe para su sancto servicio. Fue grande el miedo que todos tubieron, ganaron los prebendados

¹ ACS, CF 29, Tombo E, fol. 2v.

absentes el tiempo como presentes sus prebendas.

De toda a crónica da peste é moi notoria unha frase situada case ao final da mesma: *Vieronse visiones y oyeronse bozes de strañas cossas.* ¿A que quería referirse con isto? Só o sabe o noso cronista e como non temos unha máquina do tempo, o único que podemos facer é conxecturar respecto ao mesmo: ao mellor durante eses anos houbo algún fenómeno meteorolóxico pouco habitual para estas latitudes (aurora boreal) ou un eclipse solar ou de lúa. Máis difícil é dilucidar respecto ao de *oyeronse bozes de strañas cossas.*

O último apunte rexistrado menciona os danos provocados polas chuvias e as Neves durante os primeiros meses do ano 1571. Debeu ser un inverno moi duro o de ese ano, provocando crecidas nos ríos e como consecuencia a destrución de moitas pontes:

Dia Domingo diez y ocho dias del mes de hebrero de mill e quinientos y setenta y un años fue tan grande avenida de agoas en el Reyno de Galizia y arcobispado de Santiago que crecieron los rios lo mas que nunca, ni los viejos se acordaban de tal y destruyo muchas puentes y cayo el monesterio de Sant Juan da Cova en la Puente de la Ulla. Auia llovido quinze dias antes sin cessar y ubo grandes niebes en este año antes de la agoa hizo daño en las puentes y heredades de mas de CV ducados.

Hai constancia documental do mosteiro de San Xoán da Cova dende o ano 830, permanecendo en pé ata o ano de 1571 onde ese cúmulo de circunstancias (neves, desxeo e fortes chuvias) provocaron a caída do mosteiro. No século XIX o historiador e cóengo arquivista Antonio López Ferreiro xa menciona e recolle parte das notas situadas no folio segundo do Tombo E².

Este parte meteorolóxico contén unha frase que resalta o acontecemento tan devastador acaecido neses meses iniciais do ano 1571: *ni los viejos se acordaban de tal.* Con isto quérese incidir no inhabitual dese evento, xa que incluso os avós e avoas non lembraban tal cousa en toda a súa vida. O paso do tempo deixa un baleiro que unicamente os máis vellos, depositarios da memoria colectiva, poden lembrar, pero incluso hai acontecementos tan infrecuentes que nin eles teñen recordos dun suceso tan catastrófico.


Outra anotación deixou o noso cronista. Non ten nada que ver con feitos meteorolóxicos, se non que fala das supersticións e de como estas poden expandirse rapidamente dentro da sociedade, dando por válida unha opinión que non se apoia na evidencia, na lóxica, no pensamento crítico:

Año de sesenta y nueve digo 1569. procuro don Gaspar de Çuñiga arcobispo estando regalado en la dicha sancta yglessia, que le diesen el arcobispado de Seuilla por muerte de don Fernando de Valdes. Y dioselo el Rey con fabor de señores y los viejos de Santiago dixeron luego que no lo gozaria mucho por que

nunca se dexara Sanctiago por Seuilla. Y partiendo se el para la ciudad de Seuilla fallecio en Jaen a dos de henero de 1571 años de colira passion. antes de llegar a Sevilla murio muy pobre y endeudado. Mirabilis deus infattis suis

Eses *viejos de Santiago* consideraban que non podía rematar ben o cambio da sede de Santiago por Sevilla xa que nunca tal cousa pasara ata ese momento. Os rumores comezarían pouco despois da morte do arcebispo don Gaspar de Zúñiga y Avellaneda acontecida o 3 de xaneiro do ano 1571, provocando probablemente unha ola de murmuracións que chegarían a todas as esferas da sociedade.

A frase en latín coa que remata o noso cronista é moi similar a varios salmos da biblia onde se resaltan as accións de Deus. É como se quixera aclarar que non importan eses rumores, ou eses desastres medioambientais e pandémicos, xa que todo forma parte do seu plan: *Maravilloso é Deus nas súas obras.*



Jorge García García



Síguenos en Facebook:

<https://www.facebook.com/ArchivoCatedralSC>

² López Ferreiro, A. *Historia de la S.A.M.I de Santiago de Compostela*, Tomo VIII, pp. 233-234